



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
15781
Santiago de Compostela

Correo: boletin@edu.xunta.es

ESTRUTURA E ENSINANZAS MÍNIMAS DE BACHARELATO

No [BOE nº 266](#) do martes 6 de novembro sae publicado o Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do

bacharelato e se fixan as ensinanzas mínimas.

[Corrección de erros.](#)



PREMIOS A VALORES DEMOCRÁTICOS

No [DOG nº 214](#) do 6 de novembro sae publicada a Orde conxunta do 18 de outubro de 2007 pola que se convocan premios a proxectos de innovación educativa en valores demo-

cráticos no marco do Plan Valora 2007/2009. Convócanse 76 premios a proxectos de innovación en materia de educación en valores nos centros públicos de niveis non universitarios. O

prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.

CONCURSO DE TRASLADOS

No DOG do xoves 8 e venres 9 de novembro saen publicados os seguintes documentos:

[Concurso de traslados do corpo de mestres.](#)

[Postos de traballo vacantes para o concurso de traslados do corpo de mestres.](#)

[Concurso de traslados entre funcionarios docentes dos corpos de ensino secundario.](#)

[Concurso de traslados para a provisión de prazas vacantes na Inspección Educativa.](#)

CLUBS DE LECTURA EN CENTROS DE ENSINO SECUNDARIO

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa publica, con data 5 de novembro, unha convocatoria, no contexto das actuacións para o fomento da lectura en centros escola-

res, pola que se incentiva o funcionamento de clubs de lectura en centros públicos de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acollan ensinanzas de educa-

ción secundaria, bacharelato, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial. O prazo para a presentación de solicitudes remata o 20 de novembro. [Acceso.](#)

CONVOCATORIA DE PROBAS PARA OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS EN LINGUA GALEGA

No DOG nº 213 do luns 5 de novembro sae publicada a Resolución do 31 de outubro de 2007, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención

dos certificados de lingua galega, niveis Celga 1 e Celga 4. as probas están destinadas persoas maiores de 16 anos. Os prazos de inscrición son os seguintes: Celga 1, ata o día


16 de novembro e Celga 4, ata o día 28 de novembro.

[Máis información.](#)

[Acceso a convocatoria do DOG.](#)

Contido:

Estrutura e ensinanzas mínimas de bacharelato.	1
Premios a valores democráticos	1
Concurso de traslados	1
Clubs de lectura en centros de ensino secundario	1
Convocatoria de probas para obtención de certificados en lingua galega	1
Curso básico de prevención de riscos laborais	2
I Seminario sobre Discapacidade Intelectual e Saúde Mental	2
Premios Estrategia NAOS	2
Semana da Ciencia	2
V Premio Internacional ONCE de I+D	2




CURSO BÁSICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O curso está dirixido unicamente aos delegados de prevención e compoñentes dos comités de seguridade e saúde laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dará

comezo o día 19 de novembro e celebrarase en horario de mañá nas catro capitais de provincia da nosa comunidade. O prazo de inscrición remata o día 15 de novembro. O curso ten

unha duración de 50 horas.

[Máis información.](#)



I SEMINARIO SOBRE DISCAPACIDADE INTELLECTUAL E SAÚDE MENTAL

O I Seminario sobre Discapacidade Intelectual e Saúde Mental terá lugar o venres, día 16 de novembro, no hotel Torres de Compostela de Santiago de Compostela. Esta actividade forma parte do Programa Desvantaxe Social que, xunto coa colaboración do Grupo de Tra-

ballo sobre Trastornos Mentais e/ou Alteración de Condutas, vén traballando estes últimos anos para mellorar a atención que reciben as persoas con discapacidade intelectual e trastornos da saúde mental. [Máis información.](#)



PREMIOS ESTRATEGIA NAOS

No [BOE nº 221](#) do venres 14 de setembro sae publicada a Orden SC0/2647/2007, do 28 de agosto, pola que se institúen e convocan os Premios Estrategia NAOS. Dende o Ministerio de Sanidade e Consumo, con esta convo-

ocatoria preténdese impulsar as actividades, plans e programas que enmarquen nos seus obxectivos básicos a prevención da obesidade e outras enfermidades crónicas derivadas, a través dunha alimentación saudable e a práctica regular da acti-

vidade física. O prazo de presentación das solicitudes ou candidaturas remata o 30 de novembro de 2007.




SEMANA DA CIENCIA

Comezou unha nova edición da Semana da Ciencia, coincidindo esta vez co Ano da Ciencia. É o maior evento da comunicación social da ciencia e da tecnoloxía de España. Nel participan a maioría das entidades dedi-

cadas á ciencia e á investigación no noso país. Ofrece a oportunidade de coñecer os lugares e as persoas que se dedican ao coñecemento científico e de compartir as súas experiencias e resultados. En Galicia organízanse

116 actividades no mes de novembro. Teñen unha páxina web onde se pode atopar información das distintas iniciativas postas en marcha.

[Máis información.](#)



V PREMIO INTERNACIONAL ONCE DE I+D

Premio Internacional ONCE de I+D en Novas Tecnoloxías Para Cegos e Deficientes Visuais. O prazo de recepción de traballos está aberto e rematará o próximo 5 de setembro de 2008. O

premio, dotado con 240.000 euros, pretende estimular a promoción de investigacións científico-técnicas que permitan corrixir ou superar as limitacións

das persoas cegas ou deficientes visuais.

[Acceso á información.](#)